

Xesús Alonso Montero en *Palabras para o noso tempo*

Xesús Alonso Montero in Palabras para o noso tempo

Carmen Mejía Ruiz

(CEG (UCM) / INSTIFEM (UCM) / cmejiaru@ucm.es)

Data de recepción: 24/08/2025 – Data de aceptación: 06/11/2025

Resumo: Nesta colaboración analízase o ensaio *Palabras para o noso tempo*, editado por Alvarellos en 2024, polo que supón de traballo colectivo para a recuperación da palabra de Xesús Alonso Montero. Tralo repaso pola orixe do ensaio (gravacións de Carmen Blanco Ramos) e o estudo introdutorio (debido a Olivia Rodríguez González) ás 66 alocucións do profesor, o artigo detense en dous discursos de importancia persoal. Estes son a conferencia plenaria de Alonso Montero durante as *Xornadas Internacionais Literatura galega: identidade, alteridade e exilio* (UCM/UNED, 2014) e mais a intervención no Ateneo de Santiago (Santiago de Compostela) en 2016. Se o primeiro permite reivindicar a relevancia do libro *Galicia hoy*, o segundo motiva o recordo do derradeiro encontro con Borobó. Conclúese resaltando a aprendizaxe que proporciona *Palabras para o noso tempo* e encomiando o labor das persoas que o fixeron posible.

Palabras chave: Xesús Alonso Montero, Carmen Blanco Ramos, Olivia Rodríguez González, *Palabras para o noso tempo*, *Galicia hoy*, Borobó.

Sumario: 1. Introducción. 2. O ensaio. 3. Os discursos. 4. Discursos con Borobó na cerna. 5. Peche. Referencias bibliográficas.

Abstract: This contribution analyses the essay *Palabras para o noso tempo* (Words for Our Time), edited by Alvarellos in 2024, which is a collective work for the recovery of Xesús Alonso Montero's public speeches. After reviewing the origin of the essay (recordings by Carmen Blanco Ramos) and the introductory study (by Olivia Rodríguez González) of the professor's 66 speeches, the article focuses on two speeches that are particularly relevant. These are Alonso Montero's keynote address at the *International Conference on Galician Literature: identity, alterity and exile* (UCM/UNED, 2014) and the speech delivered at the Ateneo de Santiago (Santiago de Compostela) in 2016. While the former allows us to emphasize the importance of the book *Galicia hoy* (Galicia Today) the latter is a reminder of the last meeting with Borobó. It concludes by highlighting the lessons that *Palabras para o noso tempo* provides, as well as praising the work of the people who made it possible.

Keywords: Xesús Alonso Montero, Carmen Blanco Ramos, Olivia Rodríguez González, *Palabras para o noso tempo*, *Galicia hoy*, Borobó.

Contents: 1. Introduction. 2. The essay. 3. The speeches. 4. Speeches focused on Borobó. 5. Closing remarks. Bibliographic references.

1. Introducción

Colaborar neste número da revista *Cumieira das Letras* da Universidade de Vigo, que lle dedica varios capítulos ao profesor Xesús Alonso Montero, é para min non só un pracer, senón unha débeda que contraín co «mestre». Desde que empecei no ano 1986 a ensinar literatura galega na Facultad de Filoloxía da Universidad Complutense (UCM), apoieime nos estudos do profesor Alonso Montero, que me guiaban para preparar as miñas aulas e poder transmitirllas aos estudantes de Filoloxía Hispánica os coñecementos necesarios para que se interesasen e, mesmo, chegasen a se apaixonar pola cultura galega e descubrisen autores imprescindibles como Curros Enríquez, Manoel Antonio, Eduardo Blanco Amor ou Celso Emilio Ferreiro, entre outros moitos. Dende a década dos 80 do século pasado ata hai uns anos puider transmitir nas aulas da UCM a miña paixón polas letras galegas, paixón que sigo mantendo. Ao falar daquela da situación da lingua galega sempre empregaba o *Informe -dramático- sobre la lengua gallega* do profesor Alonso Montero (1973) e os estudantes quedaban sorprendidos ao descubrir a situación sociolingüística desta lingua minorizada.

Pensara centrarme neste tema para esta colaboración tendo en conta o estudo coordinado por Ramallo (2021), pero chegou ás miñas mans o ensaio editado por Rodríguez González (Alonso Montero 2024a) e considerei que comentar esa faceta de orador do profesor Alonso Montero pode interesar aos lectores alén de dar a coñecer esta publicación.

2. O ensaio

Determe neste ensaio responde á peculiaridade do mesmo. Non é un ensaio ao uso, senón que detrás del hai un traballo colectivo de varias persoas que fixeron posible, co seu esforzo e bo facer, ler «a palabra dita» do conferenciante e que eses discursos non caian no esquecemento. Blanco Ramos relata como naceu este proxecto:

Os actos de memoria son como relatos abertos; historias perdidas que non poden quedar no esquecemento nun mundo inzado de egoísmos e de cobizas particulares. É a idea que nos deixou o discurso de Xesús Alonso Montero no segundo cabodano de Isaac Díaz Pardo en Boisaca. E foi Antón Pulido, o pintor das «Kermeses», quen despois de escoitalo me instou a gravar as alocucións do «mestre». Aquel 5 de xaneiro de choiva e friaxe que encollía o corpo, decidín mercar un aparello co único obxectivo de levar a cabo esta tarefa. (Blanco Ramos 2024: 11)

Así pois, Blanco Ramos seguía o mestre co gravador tanto dentro coma fóra de Galicia. Esta autora relata que, co paso do tempo ao falar coa profesora Rodríguez González da Universidade da Coruña, coñeceu o seu interese pola oratoria de Alonso Montero e, así, naceu o proxecto común de recollida e estudo dos seus discursos orais:

As 1052 páxinas de reproducións escritas son o resultado de 66 gravacións. En cada reprodución rexistramos o título ou o tema principal da disertación, tamén a data e o lugar. As transcripcións están recollidas en tres tomos que abranguen o período no que Xesús Alonso Montero exerceu o cargo de Presidente da Real Academia Galega (2013-2017), máis o tomo IV, «Anexos Transcricións» (outubro 2017-maio 2018), que corresponden a actos «extraacadémicos», etapa na cal xa non é presidente da RAG. (Blanco Ramos 2024: 12)

Un proxecto destas características para Blanco Ramos supuxo un descubrimento da faceta humana do orador e un enriquecemento persoal (2004: 14):

Esta angueira permitíume medrar non só culturalmente, senón coñecer a grandeza intelectual e humana dun home implicado coa causa política e coa igualdade social, en especial da muller. Sempre de parte das clases máis vulnerables e desfavorecidas, pero sobre todo, comprometido coa lingua do país.

No apartado de «Preliminares» aparece a continuación o estudo de Rodríguez González (2024). O seu comezo é especialmente interesante, nel descríbese a importancia da palabra. Argumenta a profesora:

Este libro de discursos pronunciados en distintos espazos e ocasións por Xesús Alonso Montero constitúe unha reivindicación, en tempos de cambio cultural profundo, da palabra como algo esencialmente humano [...] Xa que logo, é unha revalorización do desenvolvemento creativo da palabra e da súa conexión co pensar, sentir e imaxinar [...]. Este libro contén, en suma, as palabras dun *indignado* que se dirixe con preferencia ás novas xeracións. (Rodríguez González 2024: 15-16)

Como experta en Teoría da literatura, a devandita profesora detense na «elocuencia» dos catorce discursos seleccionados por ela para este ensaio. Por outra parte, destaca «a arte de falar ben» do orador e do seu estilo dinos: «vén sendo toda unha maneira de interpretación do mundo. O estudo e comentario dos textos escritos e das manifestacións orais da literatura, convértese en Xesús Alonso Montero nun medio para iluminar o mundo e poder transformalo» (Rodríguez González 2024: 35). Finaliza o seu estudo cun apartado dedicado ás operacións retóricas na arte de Alonso Montero (Rodríguez González 2024: 36-50). Paso a paso a estudiosa detense en cada un dos aspectos retóricos dos seus discursos e destaca, entre outros aspectos, a retórica xestual do orador:

O orador dá preminencia aos acenos da cara, dos brazos e das mans. Á expresión do resto do corpo non lle concede importancia [...] E o xesto de erguer o dedo, advertindo dunha falacia, sinalando unha cuestión, acaba sendo a súa marca persoal: a foto fixa da retórica xestual de Alonso Montero é un dedo que se ergue imperioso, como unha frecha lanzada pola palabra. (Rodríguez González 2024: 47)

Termina a investigadora falando do obxectivo principal da oratoria do mestre, que segundo ela é:

a transmisión de coñecemento para combater o silencio e o esquecemento, impostos no pasado e banalizados no presente. Velaquí a función perlocutiva das

súas palabras ante a degradación do mundo e a perda de soporte racional para comprendelo. (Rodríguez González 2024: 48)

Por outro lado, o profesor Alonso Montero no apartado de «Preliminares» detense en seis dos textos da súa oratoria (dita, non lida) e pregúntase se os contidos destes discursos teñen interese: «[...] hai nestas disertacións, en xeral sobre temas literarios, páxinas valiosas pola súa erudición, polo seu enfoque ou pola novidade nas valoracións?» (Alonso Montero 2024b: 58). Comenta a conferencia que deu sobre o libro *Galicia Hoy*, ese libro clandestino sobre a represión franquista, tema tan recorrente no profesor. Fala dos discursos sobre «Filgueira Valverde» e sobre o «Pergamiño de Vindel» dirixidos a públicos diferentes, asegurando que non fornecerían novidades para aqueles que coñecesen os temas. Alude ao discurso titulado «Saúde e República» con ocasión do seu 88 aniversario celebrado nunha taberna e lembrando a Fidel Castro e a Marcos Ana: «o poeta que escribiu, nos 23 anos de prisión nos cárceres franquistas, versos conmovedores e desgarradores» (Alonso Montero 2024b: 60). Lembra, o profesor, no cemiterio de Boisaca a Antonio Seoane e a José Gómez Gayoso, fusilados en novembro de 1948 despois de ser torturados. Destaca a única conferencia que se deu en Galicia conmemorando o centenario da Revolución Rusa un «fito *-velis nolis-* na historia da Humanidade [...] Foron os estudantes do Colexio Maior San Agustín os que, ao lembraren o acontecemento, se lembraron de min» (Alonso Montero 2024b: 61). Refírese o profesor á conferencia que impartiu no Colexio Público de Vilaxoán en 2005 sobre o poema «Castellanos de Castilla» de Rosalía de Castro, sinalando as reservas con que a crítica literaria acolleu o seu comentario. Para terminar este apartado fai referencia á conferencia máis novidosa verbo do contido, impartida en 2015 no Consello da Cultura Galega sobre o epistolario entre Ramón Piñeiro e Koldo Mitxelena. Lembra Alonso Montero ao respecto: «De feito, ninguén, antes ca min, manexara este rico epistolario, non exento de noticias valiosas sobre a vida carceraria dos dous protagonistas, detidos pola policía franquista, en Madrid no ano 1946» (2024b: 61).

3. Os discursos

Das 66 alocucións do profesor Alonso Montero recollidas na tetraloxía transcrita por Carmen Blanco Ramos, seleccionáronse para este volume catorce discursos que, en palabras do «mestre», «son unha mostra non desdeñable» (2024b: 62). Divídense en varias seccións: *Discursos Institucionais* (Alonso Montero 2024a: 63-172), *Discursos Didácticos* (2024a: 173-252), *Discursos Divulgativos. Foros Públicos* (2024a: 285-315), *Discursos Divulgativos. Foros Privados* (2024a: 321-323) e *Discurso Demostrativo como creación literaria* (2024a: 337-349).

Entre os chamados *Discursos institucionais* paga a pena deterse na conferencia plenaria que impartiu o mestre –invitado por quen organizamos as Xornadas Internacionais *Literatura galega: identidade. alteridade e exilio* en setembro de 2014 na

Facultad de Filología da UCM e na UNED–, titulada «Un volume insólito na bibliografía antifranquista galega: *Galicia hoy*», publicado en 1966. Volume coordinado por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, editado pola editorial Ruedo Ibérico. Despois dos agradecementos aos organizadores e de lembrar os seus anos de estudante na Facultad de Filosofía y Letras de Madrid, o profesor comeza o seu discurso desta maneira: «Eu voules falar deste libro (*ensinándoo*). Este libro é un libro de 1966. É un libro clandestino, hoxe non é clandestino, pero en 1966, *regnante Franco*, [...], era un libro clandestino [...]» (2024a: 71). Desde a linealidade do seu discurso relaciona este libro antifranquista coa revista *Triunfo*, tamén «antifranquista, pero permitida, consentida, tolerada [...]» (2024a: 72). Isto conduce o orador a relatar como el esperaba, daquela, con inqueda a chegada da revista a Lugo, o seu lugar de residencia:

Tódolos antifranquistas estabamos -eu na estación de Lugo ás cinco e cuarto en punto, esperando o exprés- para coller o primeiro exemplar de *Triunfo* antes de que chegara ó quiosco... Os antifranquistas viviamos diso, máis ca da taciña de caldo que se tomaba á mañá, máis do anaco de pan e de xamón que tomabamos á merenda, aqueles que tiñamos un soldo máis ou menos razoable naqueles anos. A revista *Triunfo* era iso. (2024a: 73)

A continuación fala da editorial Ruedo Ibérico que dirixía Pepe Martínez, un anarquista amigo de Isaac Díaz Pardo, que non só foi un dos coorganizadores do volume senón que «el deu diñeiro do seu peto para que Ruedo Ibérico puidese publicar libros antifranquistas. Libros fundamentais do antifranquismo saíron alí» (2024a: 74). Este dato que proporciona Alonso Montero volve confirmar a xenerosidade que caracterizaba a Isaac Díaz Pardo, persoa que sempre apoiou xenerosamente as actividades que organizamos no Centro de Estudos Galegos da UCM. A xestación do libro ten lugar cando Díaz Pardo, no exilio interior, e Luís Seoane, no exilio exterior, se decatan de que «non hai un libro que conte a historia de Galicia» (2024a: 74) porque parecía que Galicia non fixo nada. E isto é o que move, segundo nos informa o profesor Alonso Montero, a Díaz Pardo e a Seoane a facer un libro de resposta ao franquismo «para que todo o mundo teña información, dentro e fóra de Galicia, de cal foi a resposta de Galicia á sublevación» (2024a: 76). Nesta tarefa Díaz Pardo encarga a Alonso Montero que escriba sobre o idioma e as súas adversas circunstancias, artigo que o profesor titulou «El gallego: historia, razón, pasión, adversidad y esperanzas de una lengua», sendo o único colaborador do volume que firmou o seu artigo asumindo as posibles consecuencias desta decisión. Relata o profesor que, ao ser chamado á comisaría, el explica que é un estudo dun filólogo, pero lémbraos o que non lle gustou do seu artigo ao comisario Silvosa: «Escribir en gallego para ciertos escritores hoy, año 66, es la forma más sincera, más humana de estar con los que padecen la historia» (2024a: 81). Segundo o citado comisario isto «era una formulación marxista». Nese momento a resposta non é só a do lingüista senón que é a de quen está comprometido coa súa lingua, que me interesa reproducir porque se percibe a paixón de Alonso Montero en defensa da lingua das xentes galegas, a súa lingua:

Eu non sei se é marxista, se vostede o di, será, pero eu o que si digo é que en Galicia falan en galego a xente farrapenta, a xente descalza, a xente que come pouco, a xente que ten bocio aí no Caurel e nos Ancares, e tal. E a min gústame escribir no idioma desa xente, que no fondo é a miña xente, porque eu aprendín a falar o galego na miña casa... unha xente moi parecida a esa. (2024a: 82)

Lendo estas liñas resulta moi doado lembrar o profesor Alonso Montero defendendo apaixonadamente a lingua galega. Continúa o profesor o seu discurso documentándoo con datos relevantes para os oíntes. Alude a unha carta que escribe Díaz Pardo a Neira Vilas na que o informa de que, probablemente, a publicación de *Galicia hoy* terá represalias para eles: «Se as cousas non milloran, uns cantos iremos á cadea. Xa veremos» (2024a: 87). Pero malia a isto o conferenciante lembra que o libro se publica no 66, non no 36, nin no 46, nin no 56 e que ao franquismo de entón non lle interesaba converter nin a Seoane nin a Díaz Pardo en mártires políticos (2024a: 88). Termina o seu discurso recomendando a lectura de *Galicia Hoy*, o libro antifranquista por excelencia, xa que segundo Alonso Montero:

Nese momento non hai un libro en catalán, ou un libro en castelán ou un libro en vasco contra a Ditadura das características, da forza, do pluralismo, porque [...] aquí o que hai é antifranquistas. A bandeira é a do antifranquismo. (2024a: 88)

Considero, pois, que esta recomendación do profesor hai que anotala e difundir a lectura de *Galicia hoy* entre os nosos estudantes e persoas próximas á cultura galega. Unha lectura que abrirá inquedanzas diversas entre os lectores novos para coñecer esa parte da historia de Galicia.

Resulta complicado non deterse nos catorce discursos que forman este volume, todos de grande interese pola súa diversidade temática. Como *Discursos institucionais*, atopamos aqueles en que o profesor fala da figura de Filgueira Valverde, antes e despois de 1936 (2024a: 89-120), ou outros en que se centra na problemática da oratoria en galego antes e despois de 1916 (2024a: 121-136). Por outro lado, afonda no epistolario de Ramón Piñeiro e de Koldo Mitxelena (2024a: 137-164), ou lembra a Neira Vilas polo aniversario da primeira edición de *Memorias dun neno labrego* (2024a: 165-172). Entre os *Discursos Didácticos*, o profesor aborda o «Pergamiño de Vindel» (2024a: 175-192), tamén comenta o poema «Castellanos de Castilla» de Rosalía de Castro (2024a: 193-224) e analiza *La Tribuna* de Emilia Pardo Bazán, como primeira novela proletaria feminina (2024a: 253-284). Ademais, noutro dos discursos expón as súas reflexións cívicas a partir da Revolución Bolxevique de Outubro de 1917 (2024a: 225-252). Entre os *Discursos Divulgativos*, *Foros públicos*, neste volume recóllense a Homenaxe a Gayoso e Seoane (2024a: 287-298); ou aquel que fala de Borobó, como director de *La Noche*, xornal en que me deterei a continuación por ser Borobó unha persoa moi querida e admirada en Madrid (2024a: 299-314), así como o que lle dedica a Isaac Díaz Pardo (2024a: 315-320). O discurso titulado «Saúde e República: aniversario nas Chabolas» (2024a: 323-336) forma parte dos *Discursos Divulgativos*. *Foros Privados*. Pecha o volume co discurso que imparte como Homenaxe a Francisco Fernández del Riego, con motivo das Letras Galegas en 2023 (2024a: 339-349).

4. Discursos con Borobó na cerna

Dende este abano temático ocupareime, como acabo de anunciar, do discurso que o profesor lle dedica á figura de Borobó, xa que foi unha persoa moi próxima durante os anos que coincidín con el en Madrid. Lembro que xa estaba enfermo cando me acheguei á súa casa para facerlle unha entrevista para *Madrygal*. Recibíume Carlota na súa casa, na Ciudad de los Periodistas en Madrid, como sempre tan cariñosa, e díxome: «Te está esperando Carmen, pasa a su habitación» e acompañoume ata alí. Borobó recibíume cun agarimoso sorriso. Alí estivemos charlando durante un anaco longo co gravador aceso e a entrevista publicámola no volume 6 de 2003¹. Esta foi a última vez que vin a Borobó, aínda que eu me despedín dicíndolle: «Vémonos o *Día das Letras Galegas!*», pois nesa festa sempre coincidíamos. El respondeume: «Vémonos pronto, Carmen!». Os dous sabíamos que era a nosa despedida. Saín da súa casa cunha enorme tristeza, pero sentíndome afortunada por ter desfrutado dese anaquiño tan entrañable con el.

O 3 de outubro de 2016 no Ateneo de Santiago de Compostela no ciclo *Los lunes del Ateneo* celebrouse unha mesa redonda en que estiveron invitados ademais de Xesús Alonso Montero, Perfecto Conde Murais, Raimundo García e Xohán Guitián. A intervención do noso orador leva por título neste volume: «No centenario do director de *La Noche*: Borobó cronista do seu tempo». Alonso Montero presenta a Borobó como un escritor polifacético porque fixo incursións no teatro, no relato, na biografía. Pero o importante da escrita de Borobó, segundo o noso orador, é o «artigo de periódico. E dentro dos artigos de periódico, os *Anacos*. E eu diría máis, dentro dos *Anacos*, os *Anacos* publicados na ditadura franquista» (2024a: 300). Recorre Alonso Montero a relatar algo da súa historia persoal –recurso moi habitual nel– para documentar que os *Anacos* de Borobó eran moi lidos. Trasládanos aos anos 56-57 e 57-58 cando foi profesor na escola de Maxisterio. Dende as súas lembranzas, memoria prodixiosa a do orador, relata –con esa oratoria tan propia– o seguinte:

Eu, que tratei moito a Borobó, podería casi, casi, facer unha película da xente que entraba no café Español, [...], e... despois das 10, cando eu terminaba a miña primeira clase e a xente ía un pouco fumenta casi ó lugar donde estaban os xornais, collían *La Noche*, e o primeiro que lle preguntaban ó amigo co que tomaban café naquela mesa é: «Liches o *Anaco* de Borobó? [...] Eu recuerdo esta pregunta no café Español, que así se chamaba, e en moitos outros ámbitos: «Liches o artigo de Borobó?». (2024a: 301)

Advirte o orador de que en plena Ditadura non se podía publicar, como é ben sabido, nada contra o Réxime. Borobó que pertencía ao bando dos vencidos «utiliza todos eses recursos da sutileza para que, polo menos lectores que teñen unha certa familiaridade co seu estilo, sexan confortados, porque alí atoparon algunhas das cousas que buscaban nel» (2024a: 302). Malia que non existe nos seus artigos unha crítica ao Réxime, o que hai «é unha gran man literaria» (2024a: 303). Desta maneira

¹ <https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/MADR0303110179A/33349>

insiste Alonso Montero en que os «*Anacos* son dunha importancia extraordinaria [...] Pero sigo crendo que os grandes *Anacos* son os da época de *La Noche* de Santiago, en plena ditadura franquista» (2024a: 303). Ao longo do discurso o profesor describe a Borobó como un home «esencialmente bo [...] Eu que teño coñecido a bastantes persoas, e para sorte miña [...] persoas moi bondadosas, moi poucas foron tan bondadosas, evidentemente, como foi Borobó» (2024a: 305). Entre as calidades de Borobó alude á súa «extraordinaria memoria» (2024a: 306). Relaciona esta faceta o noso orador cunha das súas grandes «teimas»: as familias ilustres ou non de Galicia que «por algunha razón foron poderosas economicamente ou socialmente nunha vila, nunha comarca, ou donde fose [...]» (2024a: 307), e narra a metodoloxía que utilizaba Borobó: «[...] empezaba el polo método da ramalleta das cereixas a turrar dunha cereixa que traía outras cereixas, e saía media Galicia aí. E unha media Galicia que era a Galicia dun historiador, non dun ficcionalista. Realmente el sabía... sabía todo» (2024a: 307).

Deste xeito o orador describe a Borobó como «periodista perfecto» e compárao con Cunqueiro porque ambos –argumenta Alonso Montero– «eran capaces en cinco minutos de escribir unha páxina que ao día seguinte era celebrada, aplaudida polos lectores no café Español ou donde fose» (2024a: 307). Aproveita Alonso Montero a súa presenza nesta mesa redonda para reivindicar a publicación dos *Anacos* de Borobó nunha antoloxía para que os novos xornalistas «saiban que escribir ben é a primeira obriga, ademais dun dereito, de quen escribe para o público, sexa nun periódico, sexa noutro... noutro soporte» (2024a: 308).

Finaliza Alonso Montero a súa intervención deixando claro que Borobó non era galeguista como se recolle nos manuais de Historia da cultura galega, senón que:

Borobó era fundamentalmente un antifranquista, e como antifranquista, na medida en que podía facer antifranquismo desde *La Noche*, puxo *La Noche* ó servizo de todos aqueles que eran antifranquistas e que escribisen, naturalmente coa cautela coa que había que escribir. (2024a: 311)

Outras anécdotas, coma a de «o señor das palabras» entre outras (2024a: 309), fan que este discurso do profesor Alonso Montero deseñe a figura de Borobó coa precisión e a proximidade dun amigo, pero dun amigo ilustre e fiel.

5. Peche

Por todo o exposto, con estes dous discursos en que me detiven por motivos persoais a pregunta inicial do profesor pódese responder de xeito claro e rotundo: apréndese moito con estes discursos. De aí que a tarefa realizada por Blanco Ramos e Rodríguez González sexa encomiable ao achegarnos, a través da editorial Alvarellos, á palabra do orador e que, desta maneira, os seus discursos non só non sexan esquecidos senón que se recuperen para seguir aprendendo e oíndo

o «mestre». Vexo neles todo un legado non só para as novas xeracións senón para calquera que se interese polas Letras Galegas.

Saúde e República, Xesús!

Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (1973): *Informe -dramático- sobre la lengua gallega*. Madrid: Akal.
- Alonso Montero, Xesús (2024a): *Palabras para o noso tempo. Catorce discursos orais (2014-2023)*. Ed. e estudo de Olivia Rodríguez González. Rexistro e transcripción de Carmen Blanco Ramos. Santiago de Compostela: Alvarelos.
- Alonso Montero, Xesús (2024b): «Seis incursións nos textos da miña oratoria (dita, non lida)», en X. Alonso Montero, (2024a), 51-62.
- Blanco Ramos, Carmen (2024), «A voz e a palabra escrita», en X. Alonso Montero, (2024a), 11-14.
- Ramallo, Fernando (2021): *A lingua en 2050*. Vigo: Catroventos Editora.
- Rodríguez González, Olivia (2024): «A arte oratoria de Xesús Alonso Montero», en X. Alonso Montero, (2024a), 15-50.